

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 30 de decembro de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trina de decembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1481).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE O ÚLTIMO TRIMESTRE DO ANO. EXPTE. 117761/301.**

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: outubro-novembro-dicembro de 2015.

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
02/10/15	SERVIZOS POSTAIS	2230000	201500064909	6.000,00	VARIOS
19/11/15	NOTIFICACION AEFAS	2230000	201500073412	10.500,00	VARIOS
18/12/15	PROMOCIÓN SERVIZOS E INSTALACIONES DO ALBERGUE	2260200	201500088478	9.994,60	AUDIOVISUALES VIGO, S.L.U.
04/12/15	USO INSTALACIONES TEATRO SALESIANOS	2260902	201500081516	726,00	COLEGIO MARIA AUXILIADORA SALESIANOS
22/12/15	SRVIZO TRANSPORTE VIAXA E COÑECE	2260902	201500092007	3.400,00	AUTOCARES LA FLORIDA, S.L.
15/10/15	PROXECTO XIN XIN	2260907	201500064600	6.000,00	CENTRO XUVENIL ABERTAL
15/10/15	INTERVENCIÓN LUDICA E SOCIAL MENORES	2260907	201500064616	8.629,50	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
15/10/15	REFORMULACIÓN MODULO INFORMATICO AEM	2279900	201500064907	19.602,00	AULA INFORMATICA DE GALICIA, S.L.
19/11/15	EMISION TARXETAS PAGO AXUDAS	2279900	201500074136	1.700,00	VARIOS
19/11/15	REFORMULACIÓN MÓDULO AEFAS	2279900	201500074859	17.206,20	AULA INFORMATICA DE GALICIA, S.L.
18/12/15	Conexión XIESS -RECAUDACION -EMPRESA NOTIFICACIÓN	2279900	201500088474	12.118,15	AULA INFORMATICA DE GALICIA, S.L.
09/11/15	20 GAFAS SIMULACION CONSUMO ALCOHOL	2279906	201500071478	1.919,30	ADDIXIS CONSULTING, S.L.
09/11/15	NON PASA NADA PASA ALGO	2279906	201500071769	2.400,00	ASOC. ALBORADA
16/11/15	NON PASA NADA PASA ALGO	2279906	201500072736	300,00	ASOC. AMAINA
16/11/15	NON PASA NADA PASA ALGO	2279906	201500072737	600,00	ASOC. ALBORADA
16/11/15	INFORMACION E SENSIBILIZACION	2279906	201500072739	300,00	ASOC. AMAINA
16/11/15	INFORMACION E SENSIBILIZACION	2279906	201500072740	300,00	ASOC. ALBORADA
16/11/15	NON PASA NADA PASA ALGO	2279906	201500072741	600,00	ASOC. ALBORADA
16/11/15	INFORMACION E SENSIBILIZACION	2279906	201500072743	1.500,00	ASOC. ERGUETE
16/11/15	NON PASA NADA PASA ALGO	2279906	201500072745	600,00	ASOC. AMAINA
16/11/15	MAIS QUE UN TEITO	2279906	201500072746	375,00	ASOC. AMAINA
09/11/15	ORGANIZ. E PRODRUC, XORNADAS PLDA	2279908	201500071290	7.000,00	VARIOS
22/10/15	TEATRO E CONTACONTOS PROGR. SENSIBILIZACION	2279909	201500069064	4.000,00	VARIOS
22/10/15	XESTION E MANTEMENTO PAXINA WEB PROX. SENSIBILIZACION	2279909	201500069065	10.000,00	FUNDACION ENTRECULTURAS FE Y ALEGRIA
29/10/15	SUMINISTRO ESTANTERIAS ALBERGUE	6250000	201500069600	4.687,54	IVAN MERCADER BAUTISTA
02/12/15	SUMINISTRO ARMARIO E CAMBIADORES UBAS	6250000	201500080785	2.032,74	OFI CENTER, S.L.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**2(1482).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2015. EXPTE. 6339/335.**

Dáse conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas e Turismo, o mes de novembro de 2015.

*Expte:* 6263/335. CONTRATACIÓN DA ANIMACIÓN CARTEIRO REAL POR BARRIOS E ZONAS COMERCIAIS

*Decreto concelleira data:* 24/11/2015

*Informe Intervención:* RCM 78638

*Adxudicatario:* TROULA ANIMACIÓN SL

*Importe total:* 11.524,04 EUROS

*Expte:* 6264/335. CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA O CONCURSO VENDE COS REIS MAGOS 2015/16

*Decreto concelleira data:* 25/11/2015

*Informe Intervención:* RCM 80007

*Adxudicatario:* MARCOS RODRÍGUEZ VILA

*Importe total:* 4.548,18 EUROS

*Expte:* 6266/335. CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA AS ACTIVIDADES DO NADAL 2015/16

*Decreto concelleira data:* 27/11/2015

*Informe Intervención:* RCM 80437

*Adxudicatario:* MARCOS RODRÍGUEZ VILA

*Importe total:* 3.396,76 EUROS

*Expte:* 6267/335. CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DO MATERIAL GRÁFICO PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL ILLAS CÍES 2015/16

*Decreto concelleira data:* 27/11/2015

*Informe Intervención:* RCM 80438

*Adxudicatario:* MARCOS RODRÍGUEZ VILA

*Importe total:* 3.919,81 EUROS

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**3(1483).- PRÓRROGA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA CON REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO F-00473-C-008. EXPTE. 6793/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 28/12/15, da xefa do servizo de Igualdade, conformado polo secretario de Admon. Municipal e pola concelleira-delegada de área que di o seguinte:

*“O día 29 de xuño de 2015 o equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (en adiante CMIDM) emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con NIE nº Y1832455J, vítima de violencia de xénero e acollida no Centro de Emerxencia desde o día 2 de marzo de 2015, e se reflicte a necesidade de procurarlle un recurso alternativo de acollemento temporal a medio prazo para a unidade familiar composta pola usuaria e o seu fillo menor de idade, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Incorpórase dito informe a este expediente.*

*En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido e conformado polos servizos municipais de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou a necesidade de que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada co número E-638-C-8, co obxecto de que a usuaria identificada con NIE nº Y1832455J a ocupase por un período de 6 meses, transcurridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 /07/2015.*

*Desde o día 7 de xullo de 2015 dita usuaria permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.*

*O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seguimento da familia xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento emitido con data 22 de decembro de 2015 polo equipo de profesionais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller a teor da situación psicolóxica, xurídica e social da unidade familiar, conclúese a importancia de prorrogar a estancia da unidade familiar na vivenda de protección municipal por un período non superior a dous meses, namentras non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.*

*Por todo o exposto, se propón á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:*

*“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-8 por un período máximo de 2 meses de duración a contar desde o día 7 de xaneiro de 2016 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 6793/224.”*

**Acordo:**

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1484).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.102563/140.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.12.15, e o informe do xefe de Contabilidade, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de xustificantes de libramentos:

Habilitado	Nºpaga- men-to	Aplicación orzamenta ria	Importe librado	Importe xustifi cado	Data de pagamen- to	Data Real xustica ción	Data legal de xustifica ción	Rein- te-gro	S/ a fa- vor
Cabrera Riande Jorge	201500064606	3112.2279900	1.000,00	966,71	02/12/15	10/12/15	02/03/16	33,29	---
Escariz Couso Al- berto	201500056973	2311.4800000	3.000,00	2.243,95	01/09/15	04/12/15	01/12/15	756,05	---
Espada Recarey Luis	201500065418	9250.2330000	3.576,00	3.576,00	09/10/15	17/10/15	09/01/16	0,00	---
Espada Recarey Luis	201500065419	9250.2200100	500,00	416,70	09/10/15	17/12/15	09/01/16	83,30	---
Espada Recarey Luis	201500066062	9250.2200000	500,00	190,74	15/10/15	17/12/15	15/01/16	309,26	---
Espada Recarey Luis	201500069595	9250.2230000	1.000,00	962,94	03/11/15	22/12/15	03/02/16	37,06	---
Espada Recarey Luis	201500072113	9250.2279900	17.999,00	17.990,70	10/11/15	22/12/15	10/02/16	8,30	---
Espada Recarey Luis	201500072114	9250.2260100	500,00	109,70	10/11/15	22/12/15	10/02/16	390,30	---
García Álvarez Luis	201500062035	9310.2312000	410,52	325,38	28/09/15	28/12/15	28/12/15	85,14	---
García Álvarez Luis	201500072107	2311.4800000	1.885,00	1.885,00	10/11/15	28/12/15	10/02/16	0,00	---
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201500061691	2410.2312006	1.020,00	1.000,00	23/09/15	16/12/15	23/12/15	20,00	---
Gutiérrez Orúe Francisco Javier	201500080031	9251.2330000	600,00	600,00	01/12/15	23/12/15	01/03/16	0,00	---
Martínez Muñoz Francisco	201500056974	1320.2269900	3.000,00	1.623,76	01/09/15	30/11/15	01/12/15	1.376,24	---
Vieites Alén José Manuel	201500066669	9200.2260300	9.000,00	8.866,62	20/10/15	23/12/15	20/01/16	133,38	---
<b>TOTAL</b>			43.990,02	40.758,20				3.232,32	

**5(1485).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO R.D. LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE TRANSPORTES. EXPTE. 27252/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22/12/15, dáse conta do informe-proposta do 21/12/15, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

*“Antecedentes:*

Con data 22 de outubro de 2015, a Xefa do Servizo de Transportes, coa conformidade da concelleira-delegada de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos, solicita o nomeamento urxente por acumulación de tarefas dun auxiliar administrativo/a, pola inexistencia ou falta de persoal administrativo suficiente que permita dar cobertura a actual carga de traballo existente e que garanta a realización das tarefas administrativas indispensables do Servizo.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 06 de novembro actual, ordenou poñer en marcha con carácter urxente dun expediente administrativo de nomeamento interino dun auxiliar de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada pola falta de medios humanos con que conta este Servizo de, xustificada nas necesidades do Servizo de Transportes, nos termos da solicitude mencionada.

No que respecta ao persoal auxiliar, significar que en execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de doce prazas de Auxiliar de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 17 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de marzo de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade no mesmo artigo do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral. A data de hoxe, dita lista atópase esgotada.

Así mesmo e sendo insuficiente a lista a que se refire o parágrafo anterior, a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 aprobou unha Bolsa de Emprego que permita o nomeamento interino de Auxiliares Administrativos/as, derivada do proceso selectivo autorizado previamente polo mesmo órgano en data 16 de xaneiro anterior.

Seguindo estritamente a orde da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local de 13/03/2015, e consultados os datos que constan neste Servizo, corresponde segundo informe técnico que figura no expediente, o nomeamento como auxiliar de administración xeral da aspirantes núms. 36-Carrasco Couselo, María, DNI 35.324.527-T, integrante da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 13/03/2015 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 16/01/2015, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante D<sup>a</sup>. María Carrasco Couselo, non prestou servizos nesta Administración, polo que está en condicións de ser nomeada.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer á contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".*

*O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Lexislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 138-Auxiliar), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que a citada candidata superou os exercicios da correspondente*

*oposición para a cobertura en propiedade de prazas de auxiliar de administración xeral na última convocatoria pública.*

*Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e, en igual senso o disposto na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2015 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.*

*A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:*

*“En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:*

*1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

*b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

*e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

*f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

*g) Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*



*h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

*i) Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

*j) Protección da salubridade pública.*

*k) Cemiterios e actividades funerarias.*

*l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

*m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

*n) Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

*ñ) Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

*2.- Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

*–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos*

*internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase únicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requerirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

*En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

*Trátase polo tanto dunha competencia propia, recollida no art. 25.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, trala modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,*

*A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición da Xefa do Servizo de Transportes, conformado pola concelleira-delegada de Transportes e Proxectos Estatais e Europeos, que figura no expediente.*

*O importe do custe do referido nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses supón un gasto de 10.851,55€, desta cantidade 358,25€ se corresponde ao*

presente exercicio orzamentario 2015 e, 10.493,30€ ao vindeiro exercicio 2016, ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.299,52€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa e, imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento prorrogado, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Transportes, segundo a instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 06/11/2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.851,55€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 -outras modalidades contratación temporal, do vixente orzamento prorrogado para o presente ano, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D<sup>a</sup>. MARÍA CARRASCO COUSELO, DNI 35.324.527-T, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal auxiliar, autorizado pola Xunta de Goberno Local de data 16/01/2015, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrita ao Servizo de Mobilidade, Transporte e Seguridade, (cód. 210), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do R.D. Lexislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- Establecer que a xornada laboral da funcionaria nomeada desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá -07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(1486).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL:**

**A) REASIGNACIÓN POR ADAPTACIÓN DE POSTO DE TRABALLO DO EMPREGADO D. EMILIO MARTÍNEZ BASTOS. EXPTE. 27093/220.**

Dáse conta da seguinte Resolución de data 21/12/15, asinada polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

*“Visto o informe emitido pola Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en data 21/12/2015, e en cumprimento do informe de vixilancia da saúde así como o informe favorable da Xefatura de Área de Fomento, sobre traslada por adaptación de posto do empregado municipal D. Emilio Martínez Bastos;*

*Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:*

*“Primeiro.- Reasignar como consecuencia da adaptación de posto de traballo, ó empregado municipal D. Emilio Martínez Bastos, con nº de persoal 23260, oficial conductor destinado no Parque Móbil ó Servizo de Parque Central, onde desenvolverá as funcións de vixilancia do Parque Central, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado (código de posto 44508.41, código retributivo 233) ao Servizo indicado (código 430) con efectos económicos e administrativos da data 01/01/2016.*

*Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de oficial conductor existente no Servizo de Parque Móbil, asociado a unha praza da mesma denominación (código retributivo 233) ó Servizo de Parque Central (código 430) debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).*

*Tercero.- Da presente resolución dése traslado ao interesado, Xefatura da Área de Fomento, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización e inspección de persoal) é Técnicas de Prevención de Riscos aos efectos que procedan.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**B) REASIGNACIÓN DO FUNCIONARIO MUNICIPAL D. RAFAEL GONZÁLEZ SANMARTÍN, DESTINADO NA U.A. CONSORCIO CASCO VELLO, AO SERVIZO DE PATRIMONIO. EXPTE. 25730-220.**

Dáse conta da seguinte Resolución de data 22/12/15, asinada polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal:

*“Visto o informe favorable emitido pola Xefatura do Servizo de Recursos Humanos en data 22/12/2015, seguindo instrucións desta concellalía sobre reasignación do funcionario municipal D. Rafael González Sanmartín;*

*Visto o marco legal do emprego público que con carácter básico establece o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, nos seus artigos 73 e 52 a 54; ao abeiro das competencias que en canto á xefatura do persoal municipal ostento por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015, así como aquelas delegadas pola Xunta de Goberno Local en acordo de mesma data, derivadas do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, pola presente RESOLVO:*

*“Primeiro.- Reasignar ao funcionario municipal D. Rafael González Sanmartín, con nº de persoal 76086, delineante, destinado na U.A. Consorcio Casco Vello, ao Servizo de Patrimonio, onde desenvolverá as funcións propias do posto de traballo e inherentes á praza da cal é titular, dispoñendo igualmente a readscripción da praza e do posto de traballo asociado (código de posto 01705.15, código retributivo 106) ao Servizo indicado (código 240) con efectos económicos e administrativos de data 01/01/2016.*

*Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, e coa finalidade de adecuación das aplicacións orzamentarias á readscripción de praza e posto efectuada, autorízase a transferencia de crédito do posto traballo de delineante existente U.A. Consorcio Casco Vello, asociado a unha praza da mesma denominación (código retributivo 106) ao Servizo de Patrimonio (código 240) debendo incorporarse a modificación efectuada ao documento da relación de postos de traballo (RPT).*

*Terceiro.- Da presente resolución dése traslado ó interesado, Xerencia do Consorcio Casco Vello, Sr. Xefe de Patrimonio, Intervención Xeral Municipal, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Negociado de Seguridade Social, planificación e organización e inspección de persoal) aos efectos que procedan.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**C) RECTIFICACIÓN DE ERROS EN ACTO ADMINISTRATIVO. EXPTE. 27406/220.**

Dáse conta do seguinte informe-proposta de data 21/12/15, da xefa do servizo de RR HH:

*"Por Resolución da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal de data 11/12/2015 (expediente administrativo nº 27406-220), autorizouse a D. José Elías Bugallo Corrales , con nº de persoal 79109, funcionario de carreira adscrito ao Servizo de Policía o permiso recollido no artigo 16 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo consistente na redución en dúas horas da súa xornada, nos turnos de mañá e tarde, a partir dos mes de xaneiro de 2016.*

*Con data 21/12/2015 o interesado presenta a través do Rexistro Xeral (doc. 150170527), no que manifesta que dita medida non resolve a súa necesidade, xa que sería necesario a redución das dúas horas nos turnos de mañá e noite, e que os turnos de tarde sería necesario cambialos ben ó de mañá ou o de noite, polo que procede a rectificación do acto administrativo.*

*Segundo establece o artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos.*

*En consecuencia, e ao abeiro das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta por delegación da Excm. Alcaldía, efectuada en Decreto de data 19/06/2015; así como aquelas que ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local realizada en acordo de mesma data, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*Primeiro.- Rectificar, de conformidade co previsto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Resolución de data 11/12/2015 (expediente administrativo nº 27406-220) de autorización de permiso especial do art. 16 do vixente Acordo Regulador, quedando redactado o apartado primeiro da parte dispositiva como segue e mantendose os restantes extremos da resolución indicada:*

*"Autorizar a D. José Elías Bugallo Corrales, con nº de persoal 79109, funcionario de carreira adscrito ao Servizo de Policía, o permiso recollido no artigo 16 do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo deo Concello de Vigo consistente no cambio dos turnos de tarde que pasarán a ser de mañá ou noite e na redución de dúas horas na súa xornada en ditos turnos, a partir do mes de xaneiro de 2016, en atención as súas solicitudes formuladas en escritos de datas 04 e 21/12/2015 (docs. 150156588 e 150170527) e de conformidade coa documentación acreditativa incorporada ao seu expediente persoal e do informe do Comité de Persoal de data 10/12/2015."*

Segundo.- *Dar da conta da presente resolución ó interesado, Xefatura da Policía Local, inspección auxiliar de persoal e Servizo de Recursos Humanos (para incorporación no expediente persoal) aos efectos que procedan."*

O concelleiro-delegado de Xestión Municipal con data 22/12/15, resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

### **7(1487).- REVISIÓN DAS TARIFAS DE AUTO-TAXI DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2016. EXPTE. 868/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 30.11.15, conformado pola concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

#### **I) TARIFAS VIXENTES**

*As tarifas de taxi da cidade de Vigo, aprobadas por Resolución da Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia de data 27 de xaneiro de 2015 , son as seguintes:*

##### TARIFA 1 ( días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Tarifa mínima (1700 m e/ou 297,45 segundos.)	3,50
Km percorrido	0,94
Hora de espera	19,34
Suplemento aeroporto	4,29
Suplemento Cotogrande	2,99
Maletas e vultos análogos	0,54

##### TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1100 m e/ou 196,759 segundos )	3,65
Km percorrido	1,04
Hora de espera	21,04
Suplemento aeroporto	4,29
Suplemento Cotogrande	2,99
Maletas y vultos análogos	0,54
Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro( dende as 00.00 ata as 10.00 ):	2.14 €.

#### **II) PROPOSTAS CONTIDAS NA SOLICITUDES PRESENTADAS**

*- En data 28 de outubro de 2015, D. José Manuel Costas Alonso, Presidente da Asociación Profesional Provincial de Autotaxis de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas para o ano 2016 na que manifestan que propoñen conxelar a Tarifa 2 e incrementar a Tarifa 1 nos conceptos de tarifa mínima e hora de espera, igualando o importe da tarifa mínima 1 e 2 e unha pequena subida no prezo do quilometro recorrido o que serían as seguintes tarifas :*

##### TARIFA 1: ( días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima .....	3,65 €
Km. percorrido.....	0,95 €

Hora de espera.....	20,73 €
Suplemento aeroporto.....	4,30 €
Suplemento Cotogrande.....	3,00 €
Maleta.....	0,55 €
25 de decembro e 1 de xaneiro dende as 00.00 até as 06.00 suplemento sobre o que marque o taxímetro .....	2,15 €.

TARIFA 2: (Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados dende as 15.00 horas e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima .....	3,65 €
Km. percorrido .....	1,04 €
Hora de espera .....	21,04 €
Suplemento aeroporto.....	4,29 €
Suplemento Cotogrande.....	2,99 €
Maleta.....	0,54 €
25 de decembro e 1 de xaneiro dende as 00.00 até as 10.00 suplemento sobre o que marque o taxímetro .....	2,14 €.

Do exame das tarifas propostas compróbase que tamén propoñen a revisión dos suplementos correspondentes ó aeroporto, Cotogrande e a maleta que incrementan en 1 céntimo na tarifa 1 ; e do suplemento do 25 de decembro e 1 de xaneiro tamen en 1 céntimo.

A solicitude formulada supón un incremento en torno a un 4,20% na tarifa mínima, dun 7,2% na hora de espera, no suplemento aeroporto un 0,23 %, un 0,33 no suplemento Cotogrande, un 0,46 %no suplemento de Nadal e Aninovo e un 1,85% na maleta.

- En data 28 de outubro de 2015, D. Manuel Choren Souto, como Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra. presenta solicitude de revisión de tarifas para o ano 2016 co seguinte contido :

TARIFA 1: (Días laborables de 6.00 h a 22.00 h)

Tarifa mínima .....	3,55 €
Km. percorrido.....	0,95 €
Hora de espera.....	19,62 €
Suplemento aeroporto.....	4,36€
Suplemento Cotogrande.....	3,04 €
Maleta.....	0,55 €

TARIFA 2:(Domingos e festivos; 24 e 31 de decembro; sábados e servizos nocturnos de 22.00 h a 6.00 h)

Tarifa mínima.....	3, 71 €
Km. percorrido.....	1,06 €
Hora de espera.....	21,36 €
Suplemento aeroporto.....	4,36 €
Suplemento Cotogrande.....	3,04€
Maleta.....	0,55 €

25 de decembro e 1 de xaneiro dende as 00.00 até as 10.00 suplemento sobre o que marque o taxímetro .....

2,18 €.

A solicitude formulada supón un incremento dun 1,5 % das tarifas vixentes .



Asimesmo solicitan a creación dun suplemento de ocupación a partir da quinta praza de 1 € nos vehículos que se están a incorporar na flota de 7 prazas.

INFORME :

Examinado o contido das distintas propostas infórmase o seguinte :

--As solicitudes formuladas non son homoxéneas, xa que cada unha delas propón modificar conceptos distintos.

--Non presentan estudos estatísticos sobre a incidencia das variantes propostas nos traxectos ou servizos que se efectúan .

--O IPC que propón aplicar a Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra é dun 1,5 % .

--En relación co a creación dun suplemento de 1 € a aplicar a partir da 5 praza nos vehículos de até 7 prazas considerase que pode contemplarse un suplemento neste tipo de vehículos , non obstante 1€ considerase un suplemento excesivo en relación coa tarifa , propoñéndose en todo caso a aprobación dun suplemento de 0,50 € por persoa a partir da 5 praza.

A revisión tarifaria que pode informarse favorablemente, de conformidade co criterio seguido nos últimos anos e axustado en cuanto o período a considerar do IPC ( setembro a setembro ) e a aplicación do IPC dos servizos de transporte da Comunidade Autónoma Galega interanual de setembro a setembro, e que é un 1,5 % e que é coincidente co a solicitude formulada pola Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra co que as tarifas serían as seguintes :

TARIFA 1( días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Tarifa mínima (1700 m e/ou 298,59 segundos.)	3,55
Km percorrido	0,95
Hora de espera	19,62
Suplemento aeroporto	4,36
Suplemento Cotogrande	3,04
Maletas e vultos análogos	0,55

TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1100 m e/ou 196,759 segundos )	3,71
Km percorrido	1,06
Hora de espera	21,36
Suplemento aeroporto	4,36
Suplemento Cotogrande	3,04
Maletas y vultos análogos	0,55
Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro( dende as 00.00 ata as 10.00 ):	2.18 €.

IV) TRAMITE DE AUDIENCIA

Concedido o preceptivo trámite de audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores do sector e ás dos consumidores e usuarios, durante o prazo concedido ao efecto, non forón presentadas alegacións .

#### V) INFORME DA ITV

Solicitado informe a ITV sobre o viabilidade de programación do taxímetro coas modificacións propostas, informan que o tempo correspondente a tarifa 1 sería 296,323 segundos e o tempo correspondente a tarifa 2 sería 196,497 segundos, mantendo todos os demais parámetros constantes, para que o taxímetro poida ser programado de conformidade co disposto na vixente normativa.

#### VI) PROPOSTA

En consecuencia e vistos os artigos 22 e 23 do vixente Regulamento nacional de servizos urbanos de transportes en automóbiles lixeiros, Decreto 2226/77 de 27 de agosto, Orde de 26 de febreiro de 1993, Real Decreto 1634 de 1980, así como o Decreto da Xunta de Galicia 106/84 de 24 de maio, e o disposto na lei 4/2013 de persoas en vehículos de turismo de Galicia, sométese á consideración do Consello Sectorial de transportes, para a súa posterior remisión á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA

1)- Aprobar a solicitude de revisión das tarifas dos autotaxis da cidade de Vigo para o ano 2016 de conformidade co informe que antecede e que serían as seguintes :

##### TARIFA 1 ( días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

Tarifa mínima (1700 m e/ou 296,323 segundos.)	3,55
Km percorrido	0,95
Hora de espera	19,62
Suplemento aeroporto	4,36
Suplemento Cotogrande	3,04
Maletas e vultos análogos( con excepción das cadeiras de rodas )	0,55

##### TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

Tarifa mínima (1100 m e/ou 196,497 segundos )	3,71
Km percorrido	1,06
Hora de espera	21,36
Suplemento aeroporto	4,36
Suplemento Cotogrande	3,04
Maletas y vultos análogos( con excepción das cadeiras de rodas )	0,55

- Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro( dende as 00.00 ata as 10.00 ): 2.18 €.
- Suplemento de 0,50 € por persoa a partir da 5 praza

2.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(1488).- REVISIÓN DAS TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2016. EXPTE. 867/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.12.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 17.12.15, conformado pola concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

#### TARIFAS SOLICITADAS

*D. Juan Carlos Villarino Tejada, Director Xeral da entidade mercantil "Viguesa de Transportes , S.L." (Vitrassa), na data 30 de outubro de 2015 presenta expediente de revisión da tarifa e do prezo do coche/qm do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral de Vigo para o ano 2016, de conformidade co establecido no artigo 62 do Prego de condicións económico-administrativo que rexiu o concurso para a concesión do servizo, achegando á solicitude memoria e estudio económico.*

*As tarifas de aplicación peticiónadas para o ano 2016 son as seguintes:*

\*\*\* billete ordinario 1,32 €/viaxeiro  
\*\*\* prezo coche/que 5,2532 €/qm

#### TARIFAS VIXENTES

*A ultima tarifa aprobada por Resolución da Ilma. Sra Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia na data 30 de decembro de 2015 e a seguinte:*

*billete ordinario..... 1 . 32 €*

*En canto o coche/qm.a ultima tarifa foi fixada polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2014 :*

*prezo coche/qm..... 5, 0841 €*

#### I N F O R M E D O S E R V I Z O

Examinada a documentación aportada pola empresa solicitante informase o seguinte :

A empresa Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA), concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade por acordo do Pleno da Corporación de data 16 de setembro de 1994, presenta expediente de revisión de tarifas, de conformidade co previsto no artigo 62 do Prego de condicións que rexeu na adxudicación da concesión.

A empresa concesionaria presenta memoria e estudio económico xustificativo das tarifas que se aplicarían a partir do 1º de xaneiro do ano 2016

Os prezos que propón aplicar ( incluído IVE do 10 % ) son os seguintes:

Billete ordinario 1,32 €  
Prezo coche/ Qm. 5,2532 €

De conformidade co Prego de condicións que rexeu na adxudicación da concesión e coa oferta adxudicataria a tarifa ten a seguinte estrutura:

Custo unitario  
Repercusión material móbil  
Repercusión terreos e instalacións  
Ingresos por publicidade (a deducir)

## CUSTO UNITARIO

O custo unitario revísase aplicando ó valor do coeficiente de revisión  $K_t$ , que resulta da fórmula polinómica de revisión fixada no Prego de condicións o valor do custo unitario da adxudicación. Os valores de orixen e os coeficientes da fórmula polinómica figuran na oferta. Os valores do momento "t" de revisión, xustifícanse:

Ht polo Convenio Provincial

Ct polo prezo medio nacional do Gasóleo A publicado pola Subdirección xeral de hidrocarburos do Ministerio de Ciencia e tecnoloxía..

IPct polo certificado do I.N.E.

A) Factor man de obra.

A empresa propón como factor man de obra a cantidade de 24.562,40 €.

De conformidade co disposto no prego de condicións que rixe a concesión o valor da man de obra revisarase en función do Convenio Provincial de Pontevedra do Sector do Transportes, correspondente a un traballador con categoría laboral de conductor, supoñendo constante o número de horas traballadas, tendo en conta os custos da seguridade social e outras cargas que corresponda pagar a empresa.

Na revisión tarifaría do ano 1997 interpretouse como transformada a plantilla ofertada a 268 traballadores pola aplicación de horas estruturais e como consecuencia da diminución do absentismo; a plantilla media anual son 305 traballadores, de conformidade coa certificación do director de recursos humanos e o persoal de limpeza cúbrese mediante contrato con unha empresa, (segundo certificación aportada pola empresa concesionaria)

Comoqueira que o Convenio Provincial non foi revisado e correcta a cantidade proposta e que e a mesma que na revisión anterior.

B) Factor combustible.

En xuño do ano 96 desapareceu o concepto de prezo máximo autorizado do gasóleo A, que se fixaba por Orden do Ministerio de Industria e Enerxía, e que de conformidade co disposto no prego de condicións era o índice a considerar para a revisión do factor combustible, polo que ata a data acordouse o prezo a aplicar de común acordo entre o Concello e a empresa concesionaria.

Dende a revisión correspondente ao ano 2002 e de común acordo coa empresa concesionaria vense utilizando a referencia o mes de xuño do ano 1996, ano da última publicación no B.O.E. do prezo máximo autorizado do gasóleo, relacionando o citado prezo co precio medio nas gasolinas, do que se obtén un índice corrector:

Prezo medio de gasolín	xuño 1996	87,70 ptas
		Índice aplicable 1,033
Prezo máximo autorizado B.O.E.	xuño 1996	90,60 ptas

E o citado índice aplícase á media dos prezos medios do gasóleo de automoción, dende setembro a agosto do último ano, publicados pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

A empresa concesionaria no expediente de revisión presentado aplica a formula utilizada polos servizos tecnicos municipais durante as ultimas revisions .

Media do prezos medios de gasóleo A dende setembro 2014 a agosto de 2015 :

118,205 €/l

O factor combustible sería =  $118,205 \times 1,0331=122,117$

C) Factor I.P.C

A empresa Vitrasa acepta na presente revisión o criterio que se aplica nos últimos anos de conformidade cos datos recabados de Intervención Municipal consistente en considerar a variación de prezos dende xuño de 1994 ata o ultimo agosto ( 2015,)e onde xa se recollen os cambios de base e que é un 69,8 %

$KT=0.6295 \frac{24.562,40}{11.482,04} + 0.1196 \frac{1,221}{0.509} (0.0296+0.1613) 1,698 + 0,06$

$KT= 1,3467+ 0,2869+0,3241+0,06= 2,0177$

Co que o prezo unitario billete ordinario  $0.4928 \times 2.0176=0,9943$   
custo unitario coche / quilómetro  $1.9884 \times 2.0176= 4,0119$

#### Nº DE VIAXEIROS

A empresa concesionaria propón como previsibles para a próximo ano, 19.382.537 viaxeiros de acordo co apartado quinto do acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de decembro de 2009 segundo o cal se fixa como nº de viaxeiros aos efectos de revisión tarifaría o nº real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período inmediatamente anterior a presentación da solicitude de revisión tarifaría .

#### Nº DE QUILOMETROS

Comoqueira que ante a reclamación presentada pola empresa concesionaria na data 4 de novembro de 2013 adoptouse Acordo na Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2014 no que se evalúa a situación económica da concesión analizando os viaxeiros reais , numero de quilómetros reais e transbordos, considerase que na presente revisión tarifaría e como xa se fixo na anterior revisión, debe utilizarse como denominador no calculo da repercusión da amortización do material móbil, terreos e instalacións e publicidade , o numero real de quilómetros rodados , que no ano 2014 foron 6.609.747 quilómetros e non os propostos pola empresa 5.142.623 quilómetros .

#### REPERCUSIÓN MATERIAL MÓBIL E INSTALACIONES

Este concepto fórmase pola amortización correspondente ó ano de revisión, máis os gastos financeiros da inversión pendente de amortizar.

A cota de amortización correspondente ó ano 2016 sería segundo o cadro de amortización presentado pola empresa concesionaria 2.323.585,75

No ano 2016 esta prevista a incorporación de catro novos vehículos que serán adscritos ao novo servizo do hospital Alvaro Cunqueiro cuio importe e 943.214,77 € e no mes de novembro serán incorporados 12 novos vehículos 10 de 12 metros e 2 articulados en substitución dos que cumpren no próximo ano a idade máxima autorizada, cuio importe esta previsto en 3.037.841,52 € .

Asimesmo inclúense nas inversións efectuadas as obras necesarias efectuadas na nave central das instalacións da empresa e xustificadas coas correspondentes facturas

A cantidade pendente de amortizar e polo tanto o importe dos gastos financeiros seria:

---- Inversión concesión :	43.488.098,01	€
---- Cantidade xa amortizada :	28.041.187,12	€
---- Cantidade pendente de amortizar	15.446.910,89	€

Os gastos financeiros ascenderán a :

Inversión pendente de amortizar  $14.900.401,01 \times 0,08 = 1.192.032$  € +  $546.509,88 \times 0,06 = 32.790,59$   
total 1.224.822,67 €

Como consecuencia a cantidade correspondente a amortización e mais os gastos financeiros ascende a 3.548.408,42 €

Repercusión por viaxeiro e qm

€/viaxeiro	$\frac{3.548.408,42}{19.382.537} = 0,1831$ €
€/quilómetro	$\frac{3.548.408,42}{6.609.747} = 0,5368$ €

#### REPERCUSION TERREOS

A repercusión correspondente a terreos e instalacións de acordo co cadro de amortización lineal é de 597.707,14 €.

Repercusión por viaxeiro e qm.

€/viaxeiro	$\frac{597.707,14}{19.382.537} = 0,0309$ €/viaxeiro
€/quilómetro	$\frac{597.707,14}{6.609.747} = 0,0904$ €/ quilómetro

#### PUBLICIDADE

É un concepto a deducir do custo.

A concesionaria manifesta que os ingresos pola publicidade ascenden a 218.340,15 aportando os certificados expedidos polas empresas contratistas .

O que supón unha dedución de	$\frac{218.340,15}{19.382.537} = 0,0113$ €/viaxeiro
	$\frac{218.340,15}{6.609.747} = 0,0330$ €/quilometro

De conformidade cos valores obtidos :

#### PREZO BILLETE ORDINARIO

Custo unitario	0,9943
Repercusión material móbil	0,1831 ,
Repercusión terreos e instalacións.	0,0309
Publicidade	- <u>0,0113</u>
Total	1,1970
I.V.A.	<u>0,1197</u>
	1, 3167 € ( REDONDEO 1,32)

#### PREZO COCHE /QUILOMETRO

Custo unitario	4,0119
Repercusión material móbil	0,5368
Repercusión terreos e instalacións	0,0904
Publicidade.	<u>0,0330</u>
Total	4, 6061
I.V.A	<u>0,4606</u>
	5,0667 €

#### PREZO DOS DISTINTOS BONOS

De conformidade coa política seguida polo Goberno Municipal de non incrementar o prezo dos distintos bonos , pola Concelleira-delegada propónse a conxelación do prezo dos bonos , mantendo os prezos vixentes durante o ano 2015.

#### INFORMACIÓN ECONOMICA

De conformidade co disposto no artigo 62 de prego de condicións que rexe a concesión o concesionario estará obrigado a presentar anualmente unha auditoría de empresa , efectuada pola empresa auditora elixida polo Concello entre unha terna de recoñecida solvencia presentada polo concesionario e con estrita suxeición a lei de auditorías

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

O procedemento aplicable para a revisión da tarifa é o establecido no artigo 62 do Prego de condicións que rexe a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros, aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada en data 26 de maio de 1994.

Así como tamén o disposto no Decreto 2695/77, de 28 de outubro, Decreto 2226/77, de 27 de agosto, Orde de 30 de setembro de 1977, Disposición transitoria primeira do Real Decreto 1947/79, de 3 de agosto e a Orde de 26 de febreiro de 1993.

Tendo en conta o ata aquí exposto, formulase a seguinte proposta a Xunta de Goberno Local previo informe favorable da Intervención Municipal :

#### P R O P O S T A:

1) Aprobar as tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa "VIGUESA DE

TRANSPORTES, S.L.” para o ano 2016 sendo os prezos a aplicar có IVE incluído, de conformidade cós informes emitidos obrantes neste expediente os seguintes :

- \* prezo billete..... 1, 32 €
- \* prezo coche/qm..... 5, 0667 €

2) Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de prezos autorizados.

3) Manter os prezos dos bonos para o ano 2016, nas contías vixentes até a data e que son as seguintes :

bono bus normal	0,86
bono bus estudante	0,83
bono bus pensionista I	gratuito
bono bus pensionista II	gratuito
bono bus universitario	0,65
bono bus persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante	gratuito
bono social	0,66

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(1489).- PRODUTIVIDADE A FAVOR DE FUNCIONARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, D. XAQUÍN MARTÍNEZ POSADA. EXPTE. 8610/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.12.15, dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, do 15.12.15, conformado pola xefa de Asesoramento Xurídico e a vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, que di o seguinte:

#### 1.- Antecedentes.

Con data 15/06/2015, D. Xaquín Martínez Posada presentou polo Rexistro (doc. Nº 150079342) solicitude de que *“se me abonen as cantidades non remuneradas ao non aplicar a reclasificación de dito posto, de C2 a C1 e atoparme realizando función dun posto de superior categoría, así como o especial rendimento, interese e iniciativa no desenvolvemento do mesmo do ano 2012”*; engadindo *“que así como tamén se realizou para o persoal do Concello de Vigo, se me abone a diferenza entre ámbalas prazas correspondente ao ano 2013, ata a miña toma de posesión de inspector de urbanismo”*.

Conforme expresa na parte expositiva, en decembro de 2010 e xaneiro de 2013 o solicitante percibiu a diferenza de retribucións correspondente ós exercicios 2010 e 2011, respectivamente.



Ditas diferenzas retributivas aboáronse como complemento de produtividade en base as seguintes consideracións (reprodúcense de forma literal as expresadas na proposta asinada o 20/12/2012 por Xerente e Concelleiro Delegado de Urbanismo):

- Este funcionario sendo subgrupo C2 realiza as mesmas funcións que os inspectores do subgrupo C1 do Servizo de Intervención Urbanística desta Xerencia Municipal de Urbanismo. Os traballos de inspección asígnanse por zonas xeográficas determinadas no termino municipal de Vigo*
- É o único funcionario deste subgrupo. De feito, está previsto no Orzamento vixente e desde o do exercicio 2010 a praza no subgrupo C1 que posibilite a promoción interna (formando parte da Oferta de Emprego 2010, aprobada, publicada e en proceso de execución). Todo elo, polo convencemento de que as funcións desenvoltas polos inspectores de urbanismo, dada a súa especialización, dificultade e responsabilidade (exercicio da autoridade de disciplina urbanística), deben estar asignadas, como mínimo, ó subgrupo C1.*
- Conforme coa información provinte da Unidade de Infraccións Urbanísticas do Servizo de Intervención Urbanística desta Xerencia Municipal de Urbanismo, o funcionario de carreira D. Xaquín Martínez Posada desenvolveu, no exercicio 2011, os seus cometidos con especial adicación, interese e iniciativa.*
- As funcións desenvoltas por Xaquín Martínez Posada son asignadas a postos de categoría superior, de conformidade coa relación de postos de traballo deste Organismo Autónomo (aprobada por Xunta de Goberno Local o 25/04/2011 e publicada no BOP o 24/06/2011).*
- A cuantificación realizada segue os criterios fixados polo Servizo de Recursos Humanos do Concello (expediente nº 23.105/220), ó realizar a proposta de asignación de complementos de produtividade para os inspectores auxiliares de Obras, Medio Ambiente, Control Concesionario e Infraestruturas. Dita proposta foi aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 17/08/2012. Dita cuantificación, cifrada en 1.506,26 euros, supón a equiparación das retribucións básicas sen ter en conta a antigüidade.*

En base a estas argumentacións e despois dos preceptivos informes a Xunta de Goberno Local, con data 04/01/2013 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo (expediente 6570/407):

*“Outorgar a D. Xaquín Martínez Posada, funcionario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, un complemento de produtividade de 1.506,26 euros, con cargo á partida orzamentaria 1510.1500000 “Produtividade” do vixente Orzamento para 2012 da Xerencia Municipal de Urbanismo.”*

Dito acordo, como se desprende das consideracións previas referíase ó exercicio 2011 e tiña a súa correspondencia cos acordos para o persoal da entidade matriz deste Concello de Vigo de datas 24.02.2012 (expediente nº 22821/220) e 17.08.2012 (expediente nº 23105/220).

Respecto dos exercicios 2012 e 2013, a Xunta de Goberno Local adoptou o 15.02.2013 (expediente nº 23868/220) e 24.11.2014 (expediente nº 24671/220), respectivamente. Ditos acordos afectaron de novo solo ó persoal da entidade matriz.

O acordo da XGL de 15.02.2013 tramitouse como “produtividade a persoal municipal por desenvolvemento de posto de superior categoría durante o ano 2012” e o acordo de 24.11.2014

como “aboamento de complemento de produtividade por modificacións das guías de funcións de diversos postos de traballo”. No Concello trátase de postos que teñen asignadas funcións propias de postos de categoría superior; por exemplo os inspectores auxiliares de obras.

## 2.- Fundamentación de feito.

De todos os antecedentes sinalados despréndese que o recoñecemento deste complemento de produtividade ten a súa orixe na inadecuación das funcións asignadas a postos, que terminaron sendo configurados con categoría superior.

Dita inadecuación foi superada mediante a eliminación do único posto do subgrupo C2, correspondente a un inspector auxiliar de urbanismo, e a creación no exercicio 2010 dunha praza do subgrupo C1 de “inspector de urbanismo”, integrada no cadro de persoal da Xerencia de Urbanismo. Dita praza foi provista o 4 de maio de 2013, despois dun proceso de concurso-oposición correspondente á oferta de emprego público 2010 (quenda de promoción interna), mediante a toma de posesión do solicitante D. Xaquín Martínez Posada.

En consecuencia e de conformidade cos precedentes citados, en especial os acordos da Xunta de Goberno Local de datas 15.02.2013 e 24.11.2014, procede recoñecer un complemento de produtividade correspondente ás funcións desenvoltas no período do 01.01.2012 ó 03.05.2013.

Dito complemento, cuantifícase de novo seguindo os criterios utilizados polo Servizo de Recursos Humanos do Concello (expediente 24671/220), é dicir, 1.506,26 euros/ano, correspondente ó importe anual da modificación do subgrupo de titulación do C2 ó C1.

Para o sinalado período do 01.01.2012 ó 03.05.2013 corresponde un importe de 1.890,19 euros, unha vez descontado os períodos de vacacións; toda vez que a produtividade está asociada ó cumprimento efectivo das funcións avaliadas.

## 3.- Fundamentación xurídica.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata o desenvolvemento legislativo posterior, consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma e vista a derogación expresa do artigo 23 da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que efectúa a Disposición Derogatoria Única, apartado b), debe acudirse ó preceptuado no artigo 25 da Lei 36/2014, de 26 de decembro, do Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

As vixentes Instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ó servizo da Corporación Local e dos seus Organismos Autónomos para o exercicio 2010, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 (publicadas no Boletín Oficial

da Provincia de Pontevedra, número 220, de 16 de novembro de 2010) recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción.

Conforme ás citadas Instrucións *“con cargo ao complemento de produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concorran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria, o interese e a iniciativa con que desempeñan as súas funcións”*.

Estas instrucións engaden que *“en todo caso, retribuirase: ...b) Desempeño de postos de categoría superior”* e que *“o outorgamento deste complemento retributivo responderá necesariamente a:*

*a.- Contribuír á mellora no funcionamento dos servizos públicos prestados polo Concello de Vigo.*

*b.- Criterios de equidade en termos de rendemento efectivo e retribución.”*

Pola información provinte do Servizo, o feito de que un inspector auxiliar cubra unha zona xeográfica, igual que o fan os pertencentes ó subgrupo C1, supón unha utilización eficaz dos recursos existentes.

#### 4.- Existencia de crédito.

Para afrontar o gasto de aboamento do citado complemento de produtividade, por importe total de 1.890,19 euros existe crédito no vixente Orzamento, partida 1510.1500000 “Produtividade”. Achégase documento de retención de crédito: “RC” nº 201500003899.

#### 5.- Proposta.

De conformidade cos antecedentes sinalados, propónse á Xunta de Goberno Local, competente conforme ó artigo terceiro, apartado 8, dos vixentes Estatutos desta Xerencia Municipal de Urbanismo (publicados de forma refundida no BOP de 6.10.2010), que adopte o seguinte acordo:

“1) Outorgar a D. Xaquín Martínez Posada, funcionario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, un complemento de produtividade de 1.890,19 euros, con cargo á partida orzamentaria 1510.1500000 “Produtividade” do vixente Orzamento para 2015 da Xerencia Municipal de Urbanismo, polas funcións de superior categoría desenvoltas no período do 01.01.2012 a 02.05.2013”.

2) Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral e Comité de Persoal ós efectos oportunos, debéndose expoñer asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(1490).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.